

# “CONCURSO:FELICITAMOS O NADAL 2014 EN GALEGO NAS REDES SOCIAIS”

---

## BASES

### 1.- Participación

Pode participar o alumnado matriculado na EOI da Coruña no presente curso 2014-2015.

### 2.- Felicitacións Facebook

Só se poderá publicar unha felicitación por participante. As felicitacións poden ter calquera dos seguintes formatos:

- ✓ Un texto escrito en galego (en poesía ou prosa) cunha extensión máxima de 50 palabras.
- ✓ Unha fotografía acompañada dun texto escrito en galego (máximo 20 palabras).
- ✓ Un vídeo cuxa duración máxima será de 1 minuto. As imaxes deberán ir acompañadas dunha narración oral en galego ou dun texto sobreimpreso en galego (máximo 50 palabras en ambos os casos).

IMPORTANTE:

- ✓ Tanto os textos como as fotos e vídeos teñen que ser orixinais.
- ✓ Cada participante ocuparase de publicar a súa felicitación na páxina de Facebook do ENDL da EOI da Coruña.
- ✓ Cada participante deberá asinar o texto co seu nome real no caso de que este non coincida co nome que figura no seu perfil de Facebook, e deberá indicar a lingua, o grupo e hora no que está matriculado (por exemplo: francés, intermedio 1, 17.00h).

### 3.- Premios

Os premios serán: 1. **Altosfalantes bluetooth sen fíos + de produtos de nadal** 2. **Memoria USB 4 XB + de produtos de nadal** (Ver tamén punto 4b das bases).

### 4.- Votacións

Haberá dous tipos de votos:

A.- Os demais usuarios agregados á nosa páxina de Facebook poderán votar a(s) felicitación(s) que máis lles gusten premendo no botón “GÚSTAME” da aplicación. Os participantes no concurso non poderán votarse a si mesmos, mais si poderán votar as felicitacións doutros compañeiros/as.

Os comentarios non serán contados como votos.

Esta votación terá un valor do 50% sobre o resultado final. Aquelas mensaxes que reciban máis votos “GÚSTAME” pasarán a ser consideradas por un xurado.

B.- Haberá un xurado encargado de contar e verificar o número de votos “GÚSTAME” así como de outorgar o outro 50% do voto final. Este xurado estará integrado por profesorado de galego, membros do ENDL e da dirección. O seu voto será emitido tendo en conta criterios de creatividade, orixinalidade e calidade lingüística da mensaxe (amais da pertinencia da imaxe/vídeo se for o caso).

O xurado reserva o dereito de descualificar aquelas felicitacións que incumpran algunha das bases do concurso.

O fallo do xurado será inapelable.

## **5.- Prazos**

- Data límite de publicación das felicitacións: 15 decembro
- Data límite para votar “*GÚSTAME*”: 16 decembro
- Resolución do xurado: 17 decembro
- Entrega de premios: 18 decembro durante as celebracións de Nadal na cafetería

## **6.- Outros**

Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado de xeito inapelable.

O xurado e o comité organizador das actividades NON se fan responsables de posibles problemas técnicos que dificulten a publicación das felicitacións ou votos na rede social Facebook.